

[Gal/Cast] Ante os recortes de dereitos, é a hora de loitar

CNT GALIZA :: 16/07/2012

Todos los trabajadores y trabajadoras, en activo o en paro, públicos o de la empresa privada, tenemos los mismos motivos para luchar

Galego O goberno de quenda, o de Rajoy, comunicou onte as medidas que as institucións políticas e financeiras europeas impuxeron como contrapartidas ao rescate da banca. As medidas anunciadas pon fin ao espectáculo de mentiras das últimas semanas, coas que o goberno pretendía vendernos un rescate que non era un rescate e que non esixía novos recortes. Esta é a factura, unha máis, do rescate bancario consecuencia de anos de especulación, unha factura que estamos a pagar a clase traballadora con este novo machadazo aos servizos sociais, ás prestacións por desemprego, as pensións e aos salarios dos empregados públicos. Así, sóbense os impostos indirectos como o IVE, que gravan de forma máis inxusta ás clases traballadoras, que xa soportan o groso da presión fiscal, co que vemos o noso poder adquisitivo reducido día a día, máis aínda cando á subida de impostos úneselle a conxelación salarial pactada por empresarios e CCOO-UGT, cando non se nos recorta directamente o soldo a resultas dunha reforma laboral aínda máis agresiva contra os dereitos dos traballadores tras o trámite parlamentario, ou polos continuos recortes ao salario dos empregados públicos. Por contra, rebáixanse as cotizacións sociais dos empresarios, un punto este ano e outro punto adicional para o ano que vén, mantéñense as bonificacións para os contratos máis precarios como o de aprendizaxe ou emprendedores, e exponse unha amnistía fiscal que dá cada vez mellores condicións aos grandes defraudadores, mentres se preparan para pór a disposición da patronal os sectores estratéxicos máis rendibles como o ferroviario e o aeroportuario. Para seguir cebándose cos máis débiles, recortan as prestacións por desemprego, as contributivas cun recorte do 10% a partir do sexto mes de prestación, e as non contributivas coa eliminación do subsidio do PREPARA e maiores requisitos para a percepción da RAI, todo iso cando padecemos niveis de paro que non deixan de crecer e que non deixarán de crecer con medidas que non fan senón promover os despedimentos e o desemprego. De igual forma, aproveitan o pacto sobre a reforma do sistema de pensións que puxo en marcha o PSOE co apoio de CCOO e UGT, para acelerar agora o atraso da idade de xubilación aos 67 anos. Os gobernos e as institucións europeas están a aplicar políticas que non teñen outro obxectivo que facer pasar como inevitables todo un conxunto de medidas inaceptables que supoñen un atraco contra os dereitos e o benestar dos traballadores e traballadoras, especialmente nos países do sur de Europa, a quen non se nos presenta outra alternativa que a desvalorización dos nosos salarios, os nosos dereitos e as nosas condicións de vida, nun escenario de privatización e desmonte de servizos públicos e sociais que eran xa moi insuficientes. O mesmo día que se anunciaban estes recortes, chegaba a marcha mineira a Madrid. A situación social creada polos recortes e os constantes ataques do Goberno esixen a extensión de loitas como a mineira a todos os sectores sociais. Todos os traballadores e traballadoras, en activo ou en paro, públicos ou da empresa privada, temos os mesmos motivos para loitar, na rúa e nas empresas, porque é a hora estender a solidariedade de clase e a unidade das loitas. Desde CNT consideramos que non podemos seguir esperando.

O único que nos espera, se os traballadores e traballadoras non nos mobilizamos de forma masiva e contundente, son novas ondas de recortes. É hora de romper cun sistema político e económico corrupto que fai augas, e intervindo de feito polas institucións financeiras internacionais. É o momento de pornos en marcha. Organizacións sindicais combativas e movementos sociais debemos romper a fragmentación das loitas, acabar con mobilizacións simbólicas e estériles e pór en pé un calendario de mobilizacións con capacidade de enfrontar e reverter estas políticas en favor da clase traballadora, onde a folga e a paralización da actividade económica en todos os seus aspectos debe ser unha ferramenta fundamental. Quen non o fagan, e miren para outro lado, estarán a traizoar a loita da clase traballadora, porque non podemos seguir esperando. **Cara á folga xeral!! CNT Galiza Castellano**

El gobierno de turno, el de Rajoy, comunicó ayer las medidas que las instituciones políticas y financieras europeas impusieron como contrapartidas al rescate de la banca. Las medidas anunciadas ponen fin al espectáculo de mentiras de las últimas semanas, con las que el gobierno pretendía vendernos un rescate que no era un rescate y que no exigía nuevos recortes. Esta es la factura, una más, del rescate bancario consecuencia de años de especulación, una factura que estamos a pagar la clase trabajadora con este nuevo recorte a los servicios sociales, a las prestaciones por desempleo, a las pensiones y a los salarios de los empleados públicos. Así, se suben los impuestos indirectos como el IVA, que gravan de forma más injunta a las clases trabajadoras, que ya soportan el grueso de la presión fusal, con lo que vemos nuestro poder adquisitivo reducido día a día, más aún cuando a la subida de impuestos se le une la congelación salarial pactada por empresarios y CCOO-UGT, cuando no se nos recorta directamente el salario a resultas de una reforma laboral aún más agresiva contra los derechos de los trabajadores tras el trámite parlamentarios, o por los continuos recortes al salarios de los empleados públicos. Por otra parte, se rebajan las cotizaciones sociales de los empresarios, un punto este año y otro punto adicional para el año que viene, se mantienen las bonificaciones para los contratos más precarios como el de aprendizaje o los emprendedores, y se expone una amnistía fiscal que da cada vez mejores condiciones a los grandes defraudadores, mientras se preparan para poner a disposición de la patronal los sectores estratégicos que mas rinden como el ferroviario y el aeroportuario. Para seguir cebándose con los más débiles, recortan las prestaciones por desempleo, las contributivas con un recorte del 10% a partir del sexto mes de prestación, y las no contributivas con la eliminación del subsidio del PREPARA y los mayores requisitos para la percepción de la RAI, todo esto cuando padecemos niveles de paro que no dejan de crecer y que no dejarán de crecer con medidas que no hacen sino promover los despidos y el desempleo. De igual forma, aprovechan el pacto sobre la reforma del sistema de pensiones que puso en marcha el PSOE con el apoyo de CCOO y UGT, para acelerar ahora el atraso de la edad de jubilación a los 67 años. Los gobiernos y las instituciones europeas están aplicando políticas que no tienen otro objetivo que hacer pasar como inevitables todo un conjunto de medidas inaceptables que suponen un atraco contra los derechos y el bienestar de los trabajadores y trabajadoras, especialmente en los países del sur de Europa, a quien no se nos presenta otra alternativa que la desvalorización de nuestros salarios, nuestros derechos y nuestras condiciones de vida, en un escenario de privatización y desmonte de servicios públicos y sociales que eran muy insuficientes. El mismo día que se anunciaban estos recortes, llegaba la marcha minera a Madrid. La situación social creada por los recortes y los constantes ataques del Gobierno exigen la extensión de luchas como la minera a todos los sectores sociales. Todos los trabajadores y trabajadoras, en activo o en paro, públicos o de la empresa privada, tenemos

los mismos motivos para luchar, en la calle y en las empresas, porque es la hora de extender la solidaridad de clase y la unidad de las luchas. Desde CNT consideramos que no podemos seguir esperando. Lo único que nos espera, si los trabajadores y trabajadoras no nos movilizamos de forma masiva y contundente, son nuevas olas de recortes. Es hora de romper con un sistema político y económico corrupto que hace aguas, e intervenido de hecho por las instituciones financieras internacionales. Es el momento de ponernos en marcha. Organizaciones sindicales combativas y movimientos sociales debemos romper la fragmentación de las luchas, acabar con movilizaciones simbólicas y estériles y poner en pie un calendario de movilizaciones con capacidad de enfrentar y revertir estas políticas a favor de la clase trabajadora, donde la huelga y la paralización de la actividad económica en todos sus aspectos debe ser una herramienta fundamental. **Cara a la huelga general!!! CNT Galiza**

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-ante-os-recortes-de-dereitos-e>